



PROGRAMACIÓN DOCENTE DO TRABALLO FIN DE ESTUDOS
ESPECIALIDADE INTERPRETACIÓN
INTINERARIO PIANO
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA
TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: TRABALLO FIN DE ESTUDOS										
ESPECIALIDADE:	INTERPRETACIÓN								ITINERARIOS:	PIANO
DEPARTAMENTO:	PIANO								XEFE DE DPTO.:	PAZ PITA VÁZQUEZ
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:					ROSA-MARÍA GARCÍA BARCIA
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Observacións: O alumno/a terá un titor/a asignado da especialidade, cò que realizará as necesarias titorías para o asesoramento no correspondente traballo	
ECTS/CUAD.								10		
DOCENTES:	NOME E APELIDOS								TITORÍA	EMAIL/TEL/WEB
	Rosa-María García Barcia								Venres 11:00-12:00	garciabarcia@yahoo.es

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Interpretación dun concerto público con elaboración e defensa dun traballo académico que poderá versar sobre diversos aspectos do repertorio elixido, do seu instrumento ou calquera outra temática relacionada coa especialidade e itinerario.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Son coñecementos previos todos os abordados ao longo de todos os estudos conducentes á titulación na especialidade e itinerario correspondente. Requírese estar matriculado nos créditos da disciplina do traballo fin de estudos, así como o cumprimento dos prazos e normas establecidas no protocolo correspondente, aprobado polo centro. A presentación pública do TFE estará condicionada á superación de todas as disciplinas que integran o plan de estudos da súa especialidade.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	A disciplina do traballo fin de estudos ten relación directa con todas as disciplinas da especialidade e itinerario correspondente.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T14, T15, T16
COMPETENCIAS XERAIS:	X2, X3, X5, X6, X7, X8, X10, X13, X21, X25
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI6, EI8, EI10
Ver a listaxe e a descrición de competencias no DECRETO 163/2015, do 29 de outubro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADA
Elaborar e defender un traballo académico que integre, sintetice e aplique os coñecementos teóricos adquiridos o longo dos cursos e saber buscar e seleccionar información valorando o xeito crítico.	T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T14, T15, T16, X5, X8, X10, X13, X25, EI6.



Interpretar un concerto público onde se reflectan todos os coñecementos prácticos e artísticos adquiridos o longo das disciplinas cursadas.	T1, T2, T3, T6, T15, T16, X2, X3, X6, X7, X8, X13, X21, X25, E11, E12, E13, E14, E15, E18, E10.
Empregar o inglés no contexto propio dunha clase de piano, tanto a nivel oral como escrito.	T5
VER OBSERVACIÓNS: PUNTO 8.1	

4. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1.-Exercicio práctico. Interpretación	1.1.-Elección do programa presentado 1.2.-Resolución dos diferentes problemas técnicos e interpretativos 1.3.-Interpretación en público 1.4.-Emprego do inglés no contexto da clase de piano: vocabulario específico, expresións propias da linguaxe académica, práctica de comprensión e expresión orais e escritas, etc.	15
2.-Exercicio escrito. Traballo académico	2.1.-Elección do tema do traballo académico 2.2.-Recollida e xestión de información 2.3.-Exposición pública e debate 2.4.-Emprego do inglés no contexto da clase de piano: vocabulario específico, expresións propias da linguaxe académica, práctica de comprensión e expresión orais e escritas, etc.	5
TOTAL SESIÓNS:	Variable dependendo das titorías recibidas polo alumno e do número de titorandos que teña asignado cada titor sobre un número aproximado de 20 sesións	
VER OBSERVACIÓNS: PUNTO 8.1		

5. METODOLOXÍA E PLANIFICACIÓN DOCENTE			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Proposta e elaboración dun programa de concerto. Práctica de comprensión oral e escrita en inglés.	-	225	225
Proposta e elaboración dun traballo académico. Práctica de comprensión oral e escrita en inglés.	-	55	55
Actividades introdutorias, titorías, probas públicas. Práctica de comprensión oral e escrita en inglés.	20	-	20
TOTAL HORAS:			300
VER OBSERVACIÓNS: PUNTO 8.1			

6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
INTERPRETACIÓN (80% DA NOTA FINAL)			
Interpretación pública e de memoria do programa presentado	Dominio da técnica e virtuosismo instrumental. Uso do vocabulario específico, expresións propias da linguaxe académica, práctica de comprensión e expresión a nivel oral e escrita en inglés.	T1, T2, T3, T5, T6, T15, T16, X2, X3, X6, X7, X8, X13, X21, X25, E11, E12, E13, E14, E15, E18, E10.	40%
	Madurez artística e interpretación. Uso do vocabulario específico, expresións propias da linguaxe académica, práctica de comprensión e expresión a nivel oral e escrita en inglés.		40%
	Control escénico e da memoria. Uso do vocabulario específico, expresións propias da linguaxe académica, práctica de comprensión e expresión a nivel oral e escrita en inglés.		20%
TRABALLO ACADÉMICO (20% DA NOTA FINAL)			



Defensa pública do traballo presentado e debate	Coherencia no desenvolvemento das diferentes partes do traballo. Uso do vocabulario específico, expresións propias da linguaxe académica, práctica de comprensión e expresión a nivel oral e escrita en inglés.	T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T14, T15, T16, X5, X8, X10, X13, X25, E16.	30%
	Rigor científico do traballo presentado. Uso do vocabulario específico, expresións propias da linguaxe académica, práctica de comprensión e expresión a nivel oral e escrita en inglés.		30%
	Exposición e debate. Uso do vocabulario específico, expresións propias da linguaxe académica, práctica de comprensión e expresión a nivel oral e escrita en inglés.		40%

Deberáanse aprobar os dous exercicios do TFE para superalo. A cualificación do TFE será única e calculada a partir da media aritmética das emitidas polos membros do tribunal presentes na sesión, expresada en termos numéricos con dous decimais. Eliminaráanse as cualificacións individuais dos membros do tribunal que difiran entre tres ou máis enteiros. No caso de empate entre cualificacións máximas e mínimas só será excluída unha de elas. No caso de non aprobar un dos dous exercicios, a nota final do TFE será a media aritmética entre as dúas notas ponderadas.

VER OBSERVACIÓNS: PUNTO 8.1

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS *

DESCRIPCIÓN

CRITERIOS E PAUTAS

Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Asimismo terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

8. OBSERVACIÓNS

8.1. AVALIACIÓN

8.1.1.- A interpretación do repertorio será obrigatoriamente de memoria.

8.1.2.- Os tribunais de TFE do itinerario Piano propoñerán a concesión de Matrícula de Honra ao alumnado que obteña unha cualificación numérica de, como mínimo, 9 puntos. A concesión da Matrícula de Honra realizarase mediante reunión de departamento e despois do último TFE realizado nese curso. No caso de que haxa máis aspirantes a obter Matrícula de Honra que os que puidesen recibir esa cualificación segundo o establecido na normativa vixente (1 Matrícula de Honra por cada 20 alumnos matriculados na disciplina) aplicaranse os seguintes criterios:

- A maior cualificación outorgada ao TFE polo tribunal.
- En caso de empate no criterio anterior, recorrerase á maior media aritmética na disciplina Piano (I-VIII).
- En caso de empate nos criterios anteriores, recorrerase á maior media aritmética no expediente.

9. PROTOCOLO PARA O DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO FIN DE ESTUDOS CURSO 22/23

De acordo co disposto no Decreto 163/2015 e no Decreto 171/2016, ao finalizar o cuarto curso, o alumnado desenvolverá un traballo fin de estudos (TFE), cunha asignación de 10 créditos ECTS.

Cómpre precisar determinados aspectos do desenvolvemento do mesmo.



CONVOCATORIAS:

O número máximo de convocatorias para a superación do TFE é de dúas, unha ordinaria e outra extraordinaria. En aplicación da Orde do 21 de novembro de 2016, con carácter xeral, a *“avaliación e cualificación correspondente á convocatoria ordinaria realizarase ao remate do segundo cuadrimestre de cada ano académico, e a correspondente á convocatoria extraordinaria realizarase no mes de xullo. De ser o caso, o alumnado que non supere ou non presente o TFE no curso escolar en que finaliza os estudos, terá dereito a utilizar as convocatorias correspondentes durante o primeiro cuadrimestre do seguinte ano académico”*.

A presentación ao TFE quedará condicionada a que o/a alumno/a supere todas as disciplinas que integran o plan de estudos correspondente á súa especialidade. En caso contrario a convocatoria do TFE será anulada de oficio polo centro.

O/A alumno/a poderá solicitar a anulación de convocatoria, aportado a motivación e documentos acreditativos que considere, e a dirección do centro resolverá o que proceda en aplicación da normativa vixente. Dita solicitude de anulación deberá presentarse antes da data de entrega do traballo.

Os/As alumnos/as de todas as especialidades deberán presentar, como parte do TFE unha memoria xustificativa do traballo realizado, que deberá conter un resumo desta en galego, en castelán e nun idioma estranxeiro. Este resumo debe conter entre 300 e 700 palabras.

Os/As alumnos/as que non soliciten data de realización no prazo correspondente asignaráselles unha de oficio no período que corresponde en caso de non presentarse, cualificarase con Non Presentado.

CSM.A CORUÑA CURSO 2022-2023



	DATAS DE REALIZACIÓN	PRAZO SOLICITUDE DE DATAS PARA REALIZACIÓN DO TFE*
ALUMNOS/AS QUE APROBAN TODO NO ADIANTO DE CONVOCATORIA OU NA CONVOCATORIA ORDINARIA DO 1º CUADRIMESTRE	Dous prazos a elixir Convocatoria ordinaria: A) Do 6 de febreiro ao 10 de marzo B) Do 5 de xuño ao 7 de xullo	DO 9 AO 13 DE XANEIRO
	Convocatoria extraordinaria: A) En caso de ter realizado a ordinaria entre o 6 de febreiro e o 10 de marzo, a extraordinaria será entre o 5 de xuño e o 10 de xullo B) En caso de ter realizado a ordinaria entre o 5 de xuño e o 7 de xullo, a extraordinaria será ata o remate do período lectivo do 1º cuadrimestre	DO 15 AO 25 DE MAIO
		DO 15 AO 25 DE MAIO
	DO 11 AO 21 DE XULLO	
ALUMNOS/AS QUE APROBAN TODO NA CONVOCATORIA ORDINARIA DO 2º CUADRIMESTRE	Convocatoria ordinaria: Do 5 de xuño ao 7 de xullo	DO 9 AO 19 DE MAIO
	Convocatoria extraordinaria: ao longo do 1º cuadrimestre do seguinte curso, ata o remate do período lectivo do 1º cuadrimestre	DO 10 AO 20 DE XULLO
ALUMNOS/AS QUE APROBAN TODO NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XUÑO	Convocatoria ordinaria: Do 10 ao 21 de xullo, respectando os prazos de presentación do traballo.	DO 5 AO 15 DE XUÑO
	Convocatoria extraordinaria: ao longo do 1º cuadrimestre do seguinte curso, ata o remate do período lectivo do 1º cuadrimestre	DO 24 AO 28 DE XULLO

ESPECIALIDADE DE INTERPRETACIÓN

Proposta dun programa de concerto e interpretación pública deste, con elaboración dun traballo académico que poderá verar sobre diversos aspectos do repertorio elixido, do seu instrumento, ou calquera outra temática relacionada coa especialidade e aprobada polo departamento. Este concerto deberá ter unha duración entre 45 e 70 minutos, cun descanso opcional non computable que non supere os quince minutos. O traballo académico deberá ter unha extensión mínima de vinte páxinas e un mínimo de 5.500 palabras, en tamaño DIN A-4, con letra Arial 12 puntos a dobre espazo, sen contar coas referencias bibliográficas e os títulos.

Procedemento e fases

1- O 5 de outubro publicarase no taboleiro de anuncios a listaxe coa asignación dos/as profesores/as titores/as para o TFE.

2- O/A alumno/a presentará a proposta ao departamento a través do/a seu/súa titor/a. O/A titor/a terá de prazo para enviala ao/á xefe/a de departamento ata o 4 de novembro. O modelo para presentar dita proposta atópase na páxina web do centro (apartado de Secretaría).

3- O departamento terá de prazo ata o 15 de novembro para resolver as propostas. O/A xefe/a de departamento comunicará por correo electrónico a cada alumno/a e á xefatura de estudos a resolución das mesmas. De non considerarse idónea a proposta formulada, o/a alumno/a deberá aceptar os cambios propostos polo departamento ou formular unha nova proposta. Neste caso, o/a alumno/a disporá ata o 2 de decembro para reformular a súa proposta. Se ao longo do desenvolvemento do traballo xurdise a necesidade de modificar calquera aspecto do TFE, o/a alumno/a solicitará ao departamento correspondente (empregarase o mesmo modelo que para a proposta inicial) a través do/da seu/súa titor/a, e unha vez revisada a petición, resolverá o que proceda, informando directamente ao/a alumno/a a través do correo electrónico. O prazo para presentar a proposta de modificación será o que determine o departamento correspondente, reflectido na programación docente do TFE. En caso de que o cambio sexa aprobado polo departamento, deberá ser comunicado á xefatura de estudos.

OS/AS ALUMNOS/AS QUE APROBEN DISCIPLINAS NAS DATAS DE ADIANTO DE CONVOCATORIA E SE MATRICULEN DO TFE EN DECEMBRO REALIZARÁN A PROPOSTA DE TFE ENTRE O 12 E O 16 DE DECEMBRO. A ACEPTACIÓN DA PROPOSTA POR PARTE DO DEPARTAMENTO REALIZARASE ANTES DO 12 DE XANEIRO.

4- O/A alumno/a entregará o traballo na secretaría do centro con tres semanas de antelación sobre a data do exame. En caso de non presentalo no prazo establecido non se convocará o tribunal e o/a alumno/a non poderá realizar o exame. Presentarase no formato establecido na Circular 10/2014, apartado 3.2, e cumprimentando o formulario correspondente, que levará o visto bo do/a profesor/a titor/a. Entregarase unha copia en papel debidamente encuadrada, máis unha copia en formato dixital, que será enviada ó correo de vicedirección@csmcoruna.com xunto co programa a interpretar e toda canta información se queira aportar para a elaboración dos programas de man, que alomenos deberán conter: programa a interpretar (autor, obra, movemento, etc.), músicos participantes (de ser o caso), breve currículo do/a alumno/a, mais o que cada departamento especifique ó respecto na súa programación do TFE. Os programas de man e carteis serán elaborados polo centro.

Ademais do traballo académico, os/as alumnos/as realizarán un concerto público.

Deberá consultarse a circular vixente 10/2014, a Orde do 21 de novembro de 2016 (dispoñibles na web do centro no apartado de lexislación) así como a Programación docente do TFE, onde se reflicten, entre outras especificacións, os Obxectivos, Contidos e Criterios/Ferramentas de avaliación que rexerán para o mesmo.

O/A Titor/a debe enviar ao resto do Tribunal un breve informe previo sobre a fase de titorización do alumno/a, ata unha semana antes da data do TFE.